

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa da Deputación Permanente, do 11 de xaneiro de 2024, de resolución do proceso selectivo para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 3 de xullo de 2023 anunciouse a convocatoria do proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, e aprobáronse as súas bases reguladoras, que foron publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 521 do 10 de xullo de 2023.

Vista a Resolución do 10 de xaneiro de 2023, do tribunal cualificador das probas selectivas, pola que se propón á Mesa da Deputación Permanente a finalización do proceso selectivo e o ingreso de Marina Irene Lorenzo Santalucía no corpo administrativo do Parlamento de Galicia como persoal funcionario de carreira.

De conformidade co establecido no artigo 7.2 das bases do antedito procedemento, a Mesa da Deputación Permanente, na reunión do 11 de xaneiro de 2024, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Finalizar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e aprobar o seu resultado a favor de Marina Irene Lorenzo Santalucía.

2º. Notificarlle este acordo a Marina Irene Lorenzo Santalucía, quen, de conformidade coa base oitava da convocatoria, disporá dun prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para presentar, se é o caso, a documentación prevista na citada base.



3º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para os efectos de darlle efectividade á execución do disposto no punto 2º) e 4º) deste acordo.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2024.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

